

Nome actividade: Crear carteis informativos de plantas da horta

Nivel: 3º Ed. Primaria

Materia: Lingua

Temática: Xogo de pistas

OBXECTIVOS

- Crear textos empregando a linguaxe con intención informativa.
- Usar elementos gráficos para completar a información en distintos formatos e facela máis accesible para todas as persoas.
- Traballar nunha única actividade con diferentes idiomas (galego, castelán e inglés).

DESENVOLVEMENTO

- Preparar unha serie de pistas relacionadas coas plantas da horta escolar: nome en galego, nome en castelán, nome en inglés e pictograma. As pistas están en sobres numerados.
- Esconder cada pista nun lugar diferente da horta escolar, como detrás dunha planta, no chan, nunha maceta, etc. Poden facerse os sobres de cores diferentes segundo a planta. Exemplo: sobre 1 amarelo para a leituga, sobre 1 vermello para os amorodos...
- Dividir aos nenos en equipos e asignar a cada equipo unha pista para que a busquen. O grupo divídese en 5 equipos:
 - Equipo 1 sobre 1
 - Equipo 2 sobre 2
 - Equipo 3 sobre 3
 - Equipo 4 sobre 4
 - Equipo 5 cartel

Cando quede rematada a ronda e identificados os nomes dunha planta rotaranse os equipos para atopar a seguinte planta e así sucesivamente ata crear os carteis das plantas da horta.

A actividade pode facerse en unha ou varias sesións segundo a cantidade de carteis que se queiran facer.

- Equipo 1 sobre 2
- Equipo 2 sobre 3
- Equipo 3 sobre 4
- equipo 4 cartel
- Equipo 5 sobre 1

Descuberto o nome da planta, deberán buscar a planta no horto escolar e confirmar que atoparon a correcta.

PISTAS. Se consideras que a información dalgún sobre é difícil ou confusa, podes ter pistas adicionais que os estudantes poidan utilizar para avanzar no caso de necesidade. Para garantir que todos/as participan, en cada planta resolverá o enigma un dos membros do grupo e se non é quen axudaranlle os compañeiros/as de equipo.

Exemplo: Leituga

Sobre 1

- É unha verdura de cor verde
- Ten unha textura crocante
- É moi utilizada en ensaladas, hamburguesas e sándwiches
- É rica en vitaminas (A e K) e minerais.

Solución : nome escrito en galego e castelán

Sobre 2

- It's green
- It's a vegetable
- We eat it's leaves

Solución: Nome escrito en inglés

Sobre 3


- Pódese atopar en diferentes variedades, como a iceberg, a romana ou a frisada
- Ademáis dos humanos a algúns animais tamén lles encanta comela: coellos, cobaias, cervos, esquíos...
- Crece en follas que se agrupan formando unha cabeza compacta. As follas son o que comemos na ensalada.

Solución: nome científico

- Picto cor verde



- Picto



Cartel

- O equipo número 5 colocará as tarxetas das “Solucións” no cartel deseñado para colocar na horta



PEGAR O NOME EN GALEGO

PEGAR O NOME EN INGLÉS

PEGAR NOME CIENTÍFICO

PEGAR O PICTOGRAMA

Listado de plantas da horta (curso 23-24). Castelán

Inclúe cultivos, aromáticas e flores

- incienso
- lavanda
- orégano
- perejil
- romero
- salvia
- salvia púrpura
- menta
- melisa
- berza
- repollo/col
- aloe vera
- suculentas variadas
- primaveras
- ajos
- lechugas
- siempre vivas
- remolacha
- acelga
- fresas
- zanahoria
- puerro
- guisantes/ tirabeques
- judías en semillero
- tomates en semillero
- calabazas en semillero